

LABORATORIO DE IDIOMAS

Neste curso fixemos unha formación no hardware e no software que forman a dotación da aula de idiomas a cargo do persoal instalador, traballamos no software específico do laboratorio de idiomas: **Roycan-optimas sound Muxer**.

Optimas School é un sistema que combina hardware e software para optimizar e obter o máximo rendemento didáctico de calquera aula de informática. Ademais de permitir altos niveis de comunicación na aula, permite ao profesor ter todo baixo control e empregar infinidade de recursos e material didáctico, transmitindo audio e vídeo en tempo real unicamente a través da rede informática. Optimas School constitúe en por si o máis completo e moderno Laboratorio de Idiomas dixital.



Este software facilita os seguintes aspectos:

1. Emisión audiovisual

Difusión en tempo real e en alta calidade de sinais de audio e/o vídeo, utilizando unicamente a rede informática da aula. Poden configurarse ata 10 canles de difusión simultáneos, a través dos cales o profesor pode enviar diferentes recursos audiovisuais a diferentes grupos de alumnos.

Os sinais emitidos poden proceder de fontes, tanto analóxicas como dixitais. Diversidade de fontes de emisión: DVD, CD, arquivos de audio e/o vídeo, pantalla demostración, dispositivos analóxicos externos etc.

Reprodución a pantalla completa ou en xanela. Ferramentas de anotación, marcación e debuxo.

2. Comunicación oral

Comunicación oral entre os alumnos e o profesor, fundamental para traballar a expresión e comprensión oral.


Permite a creación de ata 8 grupos de traballo simultáneos, así como parellas de conversación, consecutivas ou aleatorias.

Os alumnos interactúan por medio dos seus micrófonos e o profesor pode escoitalos, falar con eles ou habilitar o sistema de axuda.

Solicitude de axuda privada estudante-docente.

Mensaxería de texto privada docente-estudiante.

Enquisas rápidas e sistema de votacións.



3. Xestión

Incorpora diferentes ferramentas para que o profesor xestione e administre a aula de forma áxil e personalizada.

Pode solicitar o nome aos alumnos e visualizalos así no seu monitor, e elixir a forma na que quere obter unha vista xeral da aula.

Os profesores poden dispoñer de perfís personalizados para poder almacenar configuracións da aula.

Interface gráfica táctil con axuda contextual integrada.



4. Control

O docente dirixe as clases, supervisando e mantendo o control das actividades en todo momento. Supervisión das pantallas dos alumnos.

Diferentes vistas da aula: en mosaico, secuencial, vista técnica.

Atención e control remoto dos equipos.

Execución automática de programas.

Denegación do uso de determinadas aplicacións.

Envío de ficheiros.

Recepción de exercicios.

Finalmente cada **docente participante levou a práctica** co seu alumnado o aprendido durante este curso do laboratorio de idiomas

